



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

**Abril 2019**

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2019


Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de comercio polo miúdo (ICM). Abril 2019

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 0,7% en Galicia en abril de 2019 con respecto ao mesmo período do ano anterior, menos que no conxunto de España, 2,0%.
- Por produtos, as vendas rexistran un incremento do 1,9% en Alimentación e do 0,2% no Resto de produtos.
- En catorce comunidades autónomas aumentan as vendas minoristas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes aumenta un 1,8% no mes de abril de 2019 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España un 3,5%.
- O índice xeral de ocupación aumenta o 0,7% en Galicia e o 1,0% no conxunto do Estado.
- A ocupación crece en todas as comunidades autónomas agás Extremadura.

### Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Abril 2019

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
<b>Xeral</b>	98,9	0,7	-0,5
<b>Xeral sen estacións de servizo</b>	98,6	1,0	-0,8
<b>Alimentación</b>	96,9	1,9	-0,9
<b>Resto</b>	99,6	0,2	-0,8



## 1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 0,7% en Galicia en abril de 2019 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España aumenta un 2,0%.


O índice xeral sen estacións de servizo crece un 1,0% respecto a abril de 2018. Desagregando por produtos:

- A Alimentación incrementa as súas vendas un 1,9% en Galicia e un 4,0% en España.
- O Resto de produtos rexistra un crecemento do 0,2% en Galicia e do 0,5% no conxunto do Estado.

Nos catro primeiros meses do ano, o índice xeral diminúe en Galicia un 0,5%, mentres que en España aumenta o 1,4%. As vendas en Alimentación diminúen un 0,9% en Galicia e aumentan un 1,7% en España; as vendas do Resto de produtos redúcense un 0,8% en Galicia e crecen un 1,1% no conxunto do Estado.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do -0,9%.

O seguinte gráfico amosa a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




## 2. Índices por comunidades autónomas

En todas as comunidades autónomas aumentan as vendas en abril agás Cantabria (-1,1%), La Rioja (-0,4%) e Extremadura (-0,1%). O maiores incrementos danse en Illes Balears (3,5%) e Andalucía (3,2%).

## Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Abril 2019

### Taxas de variación en %



No que vai de ano, as comunidades autónomas con maiores incrementos son Madrid (2,9%) e Illes Balears e Andalucía (2,8%). As taxas máis baixas rexístranse en Extremadura (-1,3%) e Cantabria (-1,1%).


### 3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes rexistra, no mes de abril de 2019, un aumento do 1,8% en Galicia e do 3,5% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo crece un 1,6% en Galicia e un 2,9% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 2,4% e no Resto de produtos un 1,0%. No conxunto do Estado, as vendas en Alimentación incrementáanse un 4,9% e no Resto de produtos un 1,4%.

## Índices de comercio polo miúdo. Abril 2019

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
<b>Xeral</b>	102,0	1,8	0,5
<b>Xeral sen estacións de servizo</b>	100,9	1,6	0,1
<b>Alimentación</b>	101,3	2,4	0,2
<b>Resto</b>	100,1	1,0	0,0



Nos catro primeiros meses do ano, o índice xeral crece un 0,5% en Galicia, taxa inferior á do conxunto de España (2,6%).

#### 4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa un incremento interanual do 0,7% no mes de abril en Galicia. No conxunto do Estado o crecemento é do 1,0%.

No que vai de ano, a ocupación aumenta un 0,5% en Galicia e un 1,0% no conxunto do Estado.


#### 5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en abril en todas as comunidades autónomas agás Extremadura (-0,7%). Os maiores incrementos rexístranse en Navarra (1,8%) e Comunitat Valenciana (1,5%).

No acumulado do ano, as taxas varían entre o 2,0% Navarra e o 0,0% de Extremadura.

## Índice xeral de ocupación. Abril 2019

### Taxas de variación en %



### Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflatores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.

- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC<sup>1</sup>.

---

<sup>1</sup> Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Abril 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	102,0	1,8	0,5	98,9	0,7	-0,5
Xeral sen estacións de servizo	100,9	1,6	0,1	98,6	1,0	-0,8
Alimentación	101,3	2,4	0,2	96,9	1,9	-0,9
Resto	100,1	1,0	0,0	99,6	0,2	-0,8
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	105,4	3,5	2,6	101,9	2,0	1,4
Xeral sen estacións de servizo	104,1	2,9	2,2	101,7	2,1	1,4
Alimentación	107,7	4,9	2,7	102,9	4,0	1,7
Resto	101,4	1,4	1,8	100,8	0,5	1,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Abril 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	108,4	0,4	0,6	105,0	-0,9	-0,5
Xeral sen estacións de servizo	107,5	0,0	0,1	104,9	-0,8	-0,8
Alimentación	104,1	-0,6	0,3	99,6	-0,7	-0,8
Resto	109,1	-0,3	0,1	108,4	-1,3	-0,8
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	110,4	2,7	2,6	106,6	1,1	1,2
Xeral sen estacións de servizo	109,3	2,1	2,1	106,5	1,1	1,2
Alimentación	109,7	2,3	2,4	104,6	1,4	1,3
Resto	108,5	1,6	1,7	107,8	0,5	0,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE



Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Abril 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>105,4</b>	<b>3,5</b>	<b>2,6</b>	<b>101,9</b>	<b>2,0</b>	<b>1,4</b>
Andalucía	106,0	4,3	3,7	102,9	3,2	2,8
Aragón	104,8	2,5	1,6	101,6	1,1	0,5
Asturias	101,6	2,6	0,6	98,6	1,0	-0,7
Balears, Illes	110,4	4,7	3,8	107,4	3,5	2,8
Canarias	107,0	3,7	2,1	104,0	2,5	1,0
Cantabria	98,5	0,7	0,3	95,0	-1,1	-1,1
Castilla y León	100,5	3,2	2,2	97,0	1,2	0,5
Castilla-La Mancha	106,1	2,8	2,8	102,1	1,1	1,6
Cataluña	102,8	3,5	2,2	98,3	1,8	0,8
Comunitat Valenciana	104,6	3,4	1,7	102,1	2,1	0,7
Extremadura	98,7	1,2	-0,4	95,9	-0,1	-1,3
<b>GALICIA</b>	<b>102,0</b>	<b>1,8</b>	<b>0,5</b>	<b>98,9</b>	<b>0,7</b>	<b>-0,5</b>
Madrid	112,1	5,0	4,7	108,3	2,9	2,9
Murcia, Región de	106,7	3,1	3,0	103,9	2,1	2,2
Navarra	107,2	3,0	3,0	103,3	0,6	1,0
País Vasco	102,9	2,3	2,3	99,1	0,7	0,9
Rioja, La	105,1	1,5	1,5	101,1	-0,4	-0,2
Ceuta	96,1	-1,7	-1,3	92,5	-3,1	-2,3
Melilla	100,1	0,4	0,6	97,5	0,3	0,7

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Abril 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	102,6	0,7	0,5
Xeral sen estacións de servizo	102,2	0,6	0,5
<b>España</b>			
Xeral	103,5	1,0	1,0
Xeral sen estacións de servizo	103,4	1,0	1,0

Fonte: INE

**Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Abril 2019**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>103,5</b>	<b>1,0</b>	<b>1,0</b>
Andalucía	101,1	1,0	0,8
Aragón	102,8	0,9	1,1
Asturias	105,7	0,3	0,5
Balears, Illes	109,7	1,4	1,8
Canarias	108,1	1,3	1,3
Cantabria	101,0	0,4	0,5
Castilla y León	103,0	1,4	1,4
Castilla-La Mancha	101,3	1,0	0,9
Cataluña	102,3	1,3	1,1
Comunitat Valenciana	106,1	1,5	1,3
Extremadura	101,3	-0,2	0,0
<b>GALICIA</b>	<b>102,6</b>	<b>0,7</b>	<b>0,5</b>
Madrid	104,5	0,6	1,0
Murcia	104,0	0,9	1,1
Navarra	103,3	1,8	2,0
País Vasco	102,6	0,7	1,2
Rioja, La	103,7	0,6	0,4
Ceuta	101,7	-0,7	0,0
Melilla	103,4	0,4	0,7

Fonte: INE